



■ Rúa Cabildos, 3 · 15300 Betanzos · 981 773 696 (de 16:00 h a 21:00 h)



■ conservatorio@betanzos.net



■ betanzos.gal

PRESENTACIÓN

O Conservatorio Carlos López García-Picos é un centro autorizado de ensino oficial e regulado do grao elemental de música, que leva o nome do ilustre compositor betanceiro.

INFORMACIÓN XERAL

A duración dos estudos de grao elemental é de catro cursos académicos. Trabállanse tres materias por curso: Linguaxe musical, educación auditiva e vocal, e instrumento. A idade mínima de comezo dos estudos é de 8 anos e a máxima de 14, cumpridos no ano da realización da proba de acceso. A selección do alumnado efectúase a finais do mes de maio ou comezos do mes de xuño (consultar a data exacta). Previamente o centro publica o número de prazas vacantes de cada especialidade.

PROBAS DE ACCESO A 1.º DE GRAO ELEMENTAL

A proba de acceso para 1.º de ensino elemental consiste nunha valoración das aptitudes musicais dos e das aspirantes, onde NON se terán en conta coñecementos musicais previos nin as habilidades instrumentais. A asignación da especialidade farase por rigorosa orde de puntuación obtida nesta proba e sempre en función das prazas vacantes.

Para a súa realización será necesario cubrir unha solicitude que se pode descargar na web do conservatorio ou recoller en conserxería e rexistrala no concello a través da sede electrónica ou presencialmente nas oficinas xerais do concello.

PROBAS DE ACCESO A OUTROS CURSOS

A proba de acceso a outros cursos diferentes a primeiro, realízase a finais do mes de maio ou comezos do mes de xuño (consultar a data, o programa e os requisitos para superar esta proba). Tamén será necesario cubrir a solicitude da proba e rexistrala.

Así mesmo, no caso de quedar prazas libres, abrírase un prazo extraordinario de matrícula no mes de setembro para o alumnado que no fixo a proba de acceso, que terá que adaptarse á dispoñibilidade das especialidades instrumentais vacantes.

ESPECIALIDADES INSTRUMENTAIS OFERTADAS

Clarinete, frauta traveseira, guitarra, guitarra eléctrica, óboe, percusión, piano, saxofón, trombón, trompa, trompeta, tuba, viola, violín, violonchelo e contrabaixo.

Calquera dúbida, poden consultala no teléfono, ou no enderezo electrónico que aparecen na cabeceira deste documento.



■ Rúa Cabildos, 3 · 15300 Betanzos · 981 773 696 (de 16:00 h a 21:00 h)



■ conservatorio@betanzos.net



■ betanzos.gal

MATRÍCULA

O alumnado con praza, poderá formalizar a matrícula oficial por vía telemática a través da sede electrónica do concello de Betanzos: [solicitudexeral](#).

Tamén se pode imprimir, ou recoller o impreso no centro, e rexistralo presencialmente nas oficinas xerais do concello.

TAXAS

As taxas son de 125 euros por materia, 375 euros polo curso completo (setembro-xuño). Existen exencións ou bonificacións para rendas baixas, familia numerosa, monoparental, asistencia de irmáns/ás ao centro ou pertenza á Banda municipal de música.

HORARIOS

Os horarios das materias comúns para o curso 2024/2025 serán os seguintes:

LINGUAXE MUSICAL	EDUCACIÓN AUDITIVA E VOCAL
1.º martes e xoves 17:30 - 18:30	Mércores 17:30 - 18:30 (Un só grupo. Todos os cursos)
2.º martes e xoves 18:30 - 19:30	
3.º luns e mércores 18:30 -19:30	
4.º martes e xoves 18:30 - 19:30	

O horario da materia específica (especialidade instrumental) acórdase co/a profesor/a o mesmo día da presentación do curso, a comezos de setembro. Esta materia é de carácter individual e de 50 min de duración. Así mesmo o centro oferta con carácter complementario e gratuito, e en función da viabilidade das agrupacións, as materias de conxunto ou música de cámara.

INICIACIÓN Á MÚSICA (6-7 anos)

A materia de iniciación á música impartirase nun só grupo, os martes ás 16:30. As taxas son de 125 euros polo curso completo.

Calquera dúbida, poden consultala no teléfono, ou no enderezo electrónico que aparecen na cabeceira deste documento.